



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono 51 30 52
Fax 51 30 00
C.I.F. P-1501200-H

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL

Art. 1.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 58. da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Concello de Boqueixón establece a taxa pola prestación do servizo público pola utilización da piscina municipal, que se rexerá pola presente ordenanza.

Art. 2.- obrigados ó pagamento

Están obrigado ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os que se beneficien dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

Art. 3.- Contía.

a) A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada na tarifa expresada no apartado seguinte:

1. ENTRADA : 3,61 €

2. BONO INDIVIDUAL:

(con dereito a 20 entradas):

* Residentes no Municipio:	{ adultos	12,02 €
	{ nenos ata 16 anos.....	6,01 €
* Non Residentes no Municipio:	{ adultos	24,04 €
	{ nenos ata 16 anos.....	12,02 €

3. BONO FAMILIAR: Con dereito, así mesmo, a 20 entradas (só para as persoas que están empadroadas no concello de Boqueixón):

* Bono pai e Nai..... 15,03 €

* Cota 1º fillo.....	6,01 €
* Cota 2º fillo.....	3,01 €
* Cota 3º fillo (ou máis).....	0 €

A condición de abonado adquirírase tralo pagamento do prezo correspondente e a acreditación de estar empadroado no municipio de Boqueixón.

4. CURSOS NATACIÓN (é obrigatorio estar abonado).

*** Cursos en Xeral, ata un máximo de 2 días á semana:**

* Nenos ata 16 anos.....	3,01 €/mes
* Adultos.....	9,02 €/mes

5. CARNÉ XOVEN

Tódolos Xóvenes que acrediten estar en posesión do carné Xoven terán un desconto do 25%.

5.- Obriga do pagamento

- a) A obriga do pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace dende que se presta ou realice calquera dos servicios ou actividades especificados nos artigos anteriores
- b) O pagamento do prezo efectuarase no momento de entrar no recinto da piscina municipal.

Disposición Derogatoria:

Queda derogada a Ordenanza Fiscal Reguladora do prezo público pola prestación do servicio público da piscina municipal

Disposición Final:

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Boqueixon, 7 de xaneiro de 1999

O alcalde-presidente

Asdo.: Adolfo Gacio Vázquez